

Recomendacións para informar correctamente sobre violencia de xénero

2022

O XORNALISMO PODE (E DEBE) LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Este 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, Xornalistas Galegas reedita a guía de boas prácticas e consellos dirixidos a profesionais dos medios de comunicación para comunicar de xeito óptimo sobre violencia machista. O obxectivo da asociación é compartir unha serie de ferramentas de utilidade para loitar contra a violencia de xénero dende o eido comunicativo.

Ao longo deste 2022, Xornalistas Galegas volveu detectar varios casos de malas prácticas nos medios de comunicación galegos e estatais arredor do tratamento informativo da violencia machista. O colectivo insiste na urxencia de incorporar de forma efectiva a perspectiva de xénero nos medios e gabinetes, ademais da figura dunha editora de xénero que vele por que esta perspectiva se aplique de xeito transversal en todos os contidos.

En 2021, 44 mulleres foron asasinadas polas súas parellas e exparellas no Estado, e 37 no que vai de 2022, segundo as cifras oficiais. Alén diso, as violencias machistas continúan moi presentes na sociedade en forma de violencia física ou psicolóxica, incluíndo violencias específicas que danan outros colectivos vulnerables, como a violencia vicaria.

Como novidade, o Goberno estatal anunciou a posta en marcha este ano dun sistema de contabilización de feminicidios, máis alá do ámbito das relacións sentimentais das vítimas.

Se tes dúbidas ou calquera consulta relacionada co tratamento informativo da violencia de xénero, contacta connosco:
xornalistasgalegas@gmail.com

#25NcontraTodasAsViolencias

1

A VIOLENCIA DE XÉNERO

NON É UN SUCESO

Os medios deben evitar catalogar a violencia machista na sección *Sucesos*. Trátase dun tipo de violencia moi específico e estrutural e nunca debe tratarse como un fenómeno illado.



Sucesos. Un hombre mata a su mujer de 29 años y a su hija de seis en Móstoles y luego intenta suicidarse

LUIS F. DURÁN | Madrid Hace 14 días

122



SOCIAL

A lei de violencia de xénero da Galiza incluírá as vítimas de explotación sexual

As mulleres vítimas de trata e explotación sexual terán acceso a axudas e medidas específicas que xa se contemplan para vítimas de violencia machista.

2

A VIOLENCIA DE XÉNERO

NON É UN "CRIME PASIONAL"

A expresión reduce a problemática estrutural da violencia de xénero a un asunto romántico e normaliza que o amor e a paixón poden derivar en violencia. Cómpre erradicala.



Diario de Pontevedra

Una amiga de la asesinada en Oza-Cesuras: "Cristina fue una víctima colateral"

La hipótesis del crimen pasional gana fuerza: el marido de la difunta y la esposa del homicida habían mantenido una relación "estrecha".

21 ene 2021



Público

Jimina Sabadú: Antes, cuando un tío era violento se llamaba crimen pasional y no asesinato

Jimina Sabadú: "Antes, cuando un tío era violento se llamaba crimen pasional y no asesinato". Llega a las librerías el último libro de Jimina...

25 jun 2022



3

A VIOLENCIA DE XÉNERO

NON É SÓ VIOLENCIA FÍSICA

Hai moitos tipos de violencia de xénero máis alá da que atenta contra a integridade física das mulleres. A violencia verbal, a violencia psicolóxica e outras tipoloxías, como a violencia vicaria, que afectan, tamén, a outros colectivos vulnerables, deben ser identificadas e abordadas polas persoas profesionais da comunicación como violencia de xénero.



A violencia de xénero vicaria, a máis cruel contra a parella

20/06/2021 13:35 h

4

AS MULLERES

NON MORREN, SON ASASINADAS

Exista ou non exista presunción de inocencia, o autor ou sospeitoso do asasinato debe aparecer sempre no titular e no corpo da información.



El Mundo

Un conflicto entre vecinos acaba con una mujer muerta a cuchilladas en Vigo

Un conflicto entre vecinos acaba con una mujer muerta a cuchilladas en Vigo ... Video thumbnail for Recibido entre insultos el autor del asesinato...

Hace 1 mes



EL PAÍS

Asesinada una mujer a cuchilladas en Vigo por un vecino que le dejaba notas en la puerta

Asesinada una mujer a cuchilladas en Vigo por un vecino que le dejaba notas en la puerta. La policía investiga el móvil del crimen mientras...

Hace 1 mes



5

NAS INFORMACIÓNS

A VIOLACIÓN, POLO SEU NOME

As agresións e abusos sexuais deben ser comunicados sen eufemismos, reviravoltas nin detalles morbosos. Estes erros son especialmente graves cando as informacións inclúen persoas menores de idade.



Condenado a 12 años de cárcel por introducir el pene en la boca de una bebé de 22 meses



El Español

La joven violada por 4 hombres en una discoteca relata su horror: "Iban de risas, se lo pasaban bien"

La joven violada por 4 hombres en una discoteca relata su horror: "Iban de risas, se lo pasaban bien" · La Fiscalía pide 42 años de cárcel para...

15 sept 2022



6

NAS INFORMACIÓNS

SE ALGO NON ACHEGA, OMÍTEO

Todos os detalles que non proporcionen información relevante, como o número de coiteladas que recibe unha vítima de violencia machista, non deben incluírse.



 El Español

Una mujer, herida grave tras ser apuñalada siete veces por su expareja en Valencia en el 8M

Una mujer, herida grave tras ser apuñalada siete veces por su expareja en Valencia en el 8M. Esta agresión se ha producido alrededor de las 8:15...

8 mar 2021



 Público

Violencia machista: Una mujer resulta herida grave tras ser apuñalada por su expareja en València

Público. 8M. Ver especial. Violencia machista Una mujer resulta herida grave tras ser apuñalada por su expareja en València...

8 mar 2021



7

NAS INFORMACIÓNS

NON ASUMAS SEN MÁIS AS NOTAS DE PRENSA

Recibir unha información dunha fonte oficial non sempre implica que estea elaborada con perspectiva de xénero.

Expresións como "crime pasional" ou "casa de citas" continúan aparecendo en notas de prensa oficiais e non deben ser reproducidas sen máis nos medios de comunicación.



El supuesto responsable de la [casa de citas](#) reabría la conversación con los usuarios unos días más tarde del primer contacto, para recriminarles que no hubieran acudido a la cita con las chicas y exigirle el dinero por el tiempo perdido

8

NAS INFORMACIÓNS

NON BANALICES A PROSTITUCIÓN

Segundo os últimos datos do Goberno, entre o 90% e o 95% das mulleres e menores de idade que exercen a prostitución son vítimas de trata. Tendo en conta isto, non banalices a prostitución, non enfoques as informacións como ambientes festivos ou "noites de troula" nin normalices o comportamento de quen paga por sexo. Tampouco escollas imaxes que representen as mulleres de xeito estereotipado.

Tribunales



**Condenado en Ourense tras una noche de sexo,
güisqui y cocaína**

9

NAS INFORMACIÓNS

NON SINALEAS AS MULLERES

A explicación da violencia de xénero reside sempre nunha sociedade patriarcal, e nunca no que fai a vítima, en como viste nin en con quen se relaciona.



ABC - ABC

Violan y asesinan a una mujer que fue a la India para tratar su depresión

Violan y asesinan a una mujer que fue a la India para tratar su depresión. Liga Skromana, que era letona pero vivía en Dublín, fue a Kerala para...

5 may 2018



<https://www.rtve.es> > Noticias > Mundo > Asia > India

La violación y asesinato de una mujer desata protestas en India

5 may 2016 — La brutal violación y asesinato de una mujer en el estado sur de Kerala, en la India, ha desatado una ola de protestas.

10

NAS INFORMACIÓNS

NON BUSQUES EXPLICACIÓNS INSUBSTANCIAIS

Nin os celos, nin o vento, nin as fases da lúa. Só existe unha explicación da violencia machista, e é sociolóxica, cultural e patriarcal. Non utilices explicacións que trivialicen este tipo de violencia, e que, ademais, en ningún caso a xustifican.



VIOLENCIA. Varios de los crímenes más mediáticos y violentos de los últimos tiempos se cometieron los días que el satélite lucía con su máximo esplendor // El Chicle, los padres de Asunta, Abet o Marcos Miras 'actuaron' en la fase llena **TEXTO** Antonio P. Fidalgo


¿Influye la luna? Tomás Gimeno se llevó a sus hijas y David Oubel mató a las suyas en dos días de plenilunio

11

NAS INFORMACIÓNS

COIDADADO CO "ROMÁNTICO"

O romanticismo é caldo de cultivo para as malas prácticas nos medios de comunicación. Existe un vínculo entre o romanticismo e a sociedade patriarcal. Cómpre erradicar dos medios os discursos románticos "de toda a vida" e prácticas como as "sorpresas" de persoas que tratan de recuperar as súas exparellas.



12

NAS INFORMACIÓNS

NON USES A VECIÑANZA COMO FONTE

É especialmente importante coidar as fontes empregadas cando se informa sobre violencia de xénero. As voces expertas son fundamentais, todo o contrario do que ocorre coa veciñanza ou as persoas próximas.




13

NAS INFORMACIÓNS

EVITA OS DATOS PERSOAIS

Todos os datos que non sexan imprescindibles e que poidan desvelar a identidade das vítimas e das persoas máis vulnerables da súa contorna deben omitirse.



14

NAS INFORMACIÓN...

AS PICADAS TAMÉN SON VIOLENCIA

As picadas a mulleres, con ou sen submisión química, son unha forma de agresión con base no xénero e deben ser abordadas como tal nos medios de comunicación. O medo ás picadas non é unha psicose.



SOCIEDAD

La psicosis de los pinchazos y la falsa sumisión química corre por Galicia



Medra a alarma social polas picadas despois de dúas denuncias na Coruña e Vigo

- > Unha moza da Coruña desmaiouse ao saír dunha discoteca e atopou unha marca sospeitosa no noxello
- > O concello de Cambados desmente que houbera picadas nos concertos do Albariño.




15

COMO PROFESIONAL DA COMUNICACIÓN

VAI MÁIS ALÁ DO 25N

A violencia de xénero practícase en todo o mundo todos os días. Os medios de comunicación deben adquirir un compromiso de loita contra este tipo específico de violencia e abordar esta problemática social máis alá do 25 de novembro.




MÁIS CONSELLOS

FÓRMATE EN

PERSPECTIVA

DE XÉNERO

Existen numerosos cursos, guías e manuais para aprender a comunicar correctamente sobre violencia de xénero e, en xeral, con perspectiva de xénero. Podes consultar algúns deles no apartado [Documéntate](#) da nosa web.



MÁIS CONSELLOS

APOSTA POLA LINGUAXE INCLUSIVA

A linguaxe ten unha importancia fundamental para acadarmos a igualdade. Canto máis inclusiva, menos discriminatoria. É importante coñecer de que falamos cando falamos de linguaxe inclusiva: "membras" non o é, alumnado, si.



MÁIS CONSELLOS

TOMA A INICIATIVA NO TRABALLO

Tomar a iniciativa de comunicar con perspectiva de xénero, involucrar as persoas coas que traballas e con responsables do medio de comunicación, propoñer iniciativas para comunicar en igualdade, etc., son algunhas accións que podes levar a cabo no teu posto de traballo para impulsar un xornalismo máis sensible e respectuoso coas mulleres.



OUTRAS PUBLICACIONS E GUÍAS



Estas e outras publicacións e talleres están dispoñibles no apartado *Documéntate* da web de Xornalistas Galegas: xornalistasgalegas.org

#25NcontraTodasAsViolencias